

O NOSO

VIVEIRO

2.º.

EXPRESS

A ESCRITORA VISITA O NOSO COLE

MARÍA CANOSA

Megumi, a Cazadora de estrelas

CONCURSO DE RELATOS

DÁME MEDO

As historias máis terroríficas

VEUNOS FALAR DO SEU LIBRO

ELI RÍOS

"Gústanme personaxes femininos"

RECOMENDACIÓNS

QUE LER?

Libros para as vacacións de Nadal

DISPONIBLE NA PÁXINA WEB DO COLEXIO

VISITA DA ESCRITORA Á NOSA BIBLIOTECA

MARÍA CANOSA

O martes, 21 de novembro, a ceense María Canosa agasalounos coa súa visita á nosa biblioteca. Acudiu para falar cos alumnos e alumnas de 5º de Educación Primaria sobre

o seu libro *A cazadora de estrelas*.

Esperabamos con moitísima ilusión poder parolar e compartir impresións con ela acerca desta fermosa historia.

Foi unha visita moi especial. A escritora María Canosa Blanco (nada en Cee, A Coruña, en 1978) veu a falarnos de *Megumi*, a súa especial cazadora de estrelas. Tamén nos contou a súa paixón pola escrita e polos libros; como foi o momento no que conseguiu publicar o seu primeiro libro... e outras cousas igualmente interesantes.

Esta é a maxia dos libros: poder compartir unha historia todos xuntos e xuntas e saber como a autora argallou todo un mundo para a prota-

gonista da historia. Como pasa da imaxinación á palabra escrita.

Hai que darlle as grazas ao alumnado das aulas de 5º polo seu interese e participación. A Brenda e Unai por ser, nesta ocasión, uns profesionais do xornalismo e a Carmen e a Vanessa, as titoras, pola súa imprescindible colaboración.

Seguiremos compartindo historias que nos farán persoas capaces de pensar e de elixir por nós mesmas.

+ INFO: [Rakonto, o blog da biblio](#) ■



CONCURSO DE RELATOS DO SAMAÍN


DÁME MEDO

No mes de outubro, convocouse un concurso de relatos de terror co gallo do Samaín. O fallo do xurado do concurso de relatos, composto por mestras, mestres e

Herculino, decidiu por unanimidade conceder premios a historias como as que che amosamos. Se che gustan as emocións fortes, este é o teu lugar. Meten medo!

A MEIGA ENCANTADA

Unha vez unha meiga estaba na súa casa. Un día pola noite foi de festa coas outras meigas do barrio. Chegaron á festa todas as meigas e unha botoulle a todas un meigallo para pasar un bo rato e rir: "Que todos aparecesen espidos!".



Pero outra meiga boa dixo que a meiga que fixo ese meigallo se convertera, ao facelo, en morcego. Así foi o que pasou e todos pasárono moi ben.

EP, 1º B

O BOLI PINCHÓN

Había unha vez un colexio no que os nenos e nenas de 2ºA traballaban nunha ficha de mates.

De súpeto, un cativo notou un pinchazo nas costas, preguntou aos compañeiros se foran eles, mais todos dixeron que non.

Pero, xa pasados uns segundos, todos empezaron a sentir os pinchazos ao tempo que vían como un boli saía correndo. Intentaron atrapalo, pero o bolígrafo agachouse

nunha clase que estaba a escuras.

Dous rapaces enchidos de afouteza entraron a buscalo, pero non o daban atopado. Non se podía mover, non vían nada, chocaban con todo por mor da escuridade.

Un deles abriu unha ventá para ter algo de luz. Neste momento o bolígrafo pegou un gran chimpo e escapou pola ventá.

Así que, xa sabe des, tede moito coitado. Pode estar pola vosa clase!!!

Diego Torren Martín (EP, 2º A)

UN PARRULO MALÍSIMO

Érase unha vez un esqueleto que un día recibiu a chamada do seu amigo Vampiro que vivía nun castelo moi grande. Pero estaba moi triste porque alí vivía un parrulo malísimo que non paraba de zouparlle no cu.

O esqueleto decidiu axudar ao seu amigo e pensou en escarmentar o parrulo dándolle unha mazá envenenada que tiña pola casa.



E así foi. Meteu a mazá no seu paraugas e levouna ao estanque dos parrulos. Díxolle: "1, 2, 3 parrulo, non zoupes máis!!!!" E coa mazá vermella, o malvado parruliño quedou afogado ata que o paso do tempo pouco a pouco converteuno no esqueleto dun parrulo.

EI, 4ºB

E AQUÍ VOS DEIXAMOS UNS RESUMOS DOUTROS RELATOS DO SAMAÍN

Neste número de *O noso viveiro 2.0. Express* non nos collían todos os contos que queríamos. Por iso, aquí vos amosamos unha sinopse de cada un.

A BRUXA E OS PARRULOS dos alumnos e alumnas de 4º de Educación Infantil. Nel destacan as virtudes do chocolate nestas datas tan meigas.

A BRUXA E O VAMPIRO do alumnado de 5ºA de Educación Infantil. Neste relato unha fermosa ilustración que nos describe con exactitude a historia que imos ler e o final feliz.

O CONXURO MÁXICO dos cativos e cativas de 5ºB desa mesma etapa. Lémbra-nos dous personaxes tan importantes nestas datas como Drácula e a Bruxa Piruxa.

SAMAÍN NA AULA dos e das de 6ºA de Infantil. Destaca pola súa orixinalidade na narración da historia, a

combinación de texto e narración ao mesmo tempo que o relato terrorífico na aula.

A CABAZA TERRORÍFICA imaxinado por 6ºB de Infantil. Cun gran protagonismo dun personaxe fundamental no Samaín, como é a cabaza, e o ritmo trepidante da historia.


A OUTRA HISTORIA DE SAMAÍN de Sandra Priggione Fernández de 4ºB de Educación Primaria. Inclúe outros libros relacionados coa temática do medo.

A CABAZA ERNESTA de Nerea Busto Pan de 6ºA de Primaria. Xunta o Samaín coas gañas de aprendernos algo por parte da autora.

A MÁSCARA ENCANTADA de Brenda Nosa Enabulele de 5ºA de Primaria. Escapa do típico Samaín e relaciona esta festividade coas máscaras africanas.

Para ler os relatos completos:

+ **INFO:** [Rakonto, o blog da biblio](#) ■



VISITA DA ESCRITORA Á NOSA BIBLIOTECA

ELI RÍOS

O xoves, 30 de novembro, tivemos outra visita especial á nosa concorrida biblioteca. Eli Ríos, a escritora, acudiu ao colexio. Xa sabedes que

os e as da clase 3º de Educación Primaria están lendo un dos seus libros *Marta e a píntega*. Un bo motivo para o seu paso por aquí.

Somos xente afortunada, a verdade. Cada certo tempo, acoden ao colexio as autoras dos libros que estamos a ler na clase.

A finais de novembro, tocoulle a Eli Ríos (nada en Londres, Reino Unido, en 1976). Ela é a autora, entre outros libros, de *Marta e a píntega*.



Contounos, por exemplo, que xa de pequena sabía que quería dedicarse á escrita, para así poder escribir os contos que a ela lle encantaban. E quedou moi claro que lle gustan especialmente os personaxes femininos para contar as súas historias.

Se ides ao Rakonto, atoparedes unha ampla reportaxe do evento.

+ INFO: [Rakonto, o blog da biblio](#) ■

RECOMENDACIÓNS LECTORAS PARA AS VACACIÓNS

QUE LER?

Papá Noel, os Reis Magos ou o Apalpador. Pedídlle agasallos a quen queirades, pero probade a escribirdes o título

dun bo libro na carta que lles enviades. Por se non o tendes moi claro, aquí vos deixamos unhas recomendacións.


EDUCACIÓN INFANTIL



QUE TAL VEXETAL! de Saxton Freymann e Joost Elffers. Descubre as diferentes emocións cuns curiosos alimentos.

+ INFO: [Ediciones Linteo](#)

1º E 2º DE E. PRIMARIA



ADELAIDE de Tomi Ungerer. Libro cheo de aventuras emocionantes e viaxes nos que coñece lugares interesantes e xente diversa.

+ INFO: [Kalandraka Editora](#)

3º E 4º DE E. PRIMARIA



O LAPIS MÁXICO DE MALALA de Malala Yousafzai, á que non lle gustaba o mundo que vía e quería mudalo. Que fará co lapis?

+ INFO: [Editorial Xerais](#)

6º E 5º DE E. PRIMARIA



A SEÑORITA BUBBLE de Leticia Costas. Ninguén sospeitaba o que sucedía no interior da mansión da señorita Bubble, a inventora.

+ INFO: [Editorial Xerais](#) ■